

## Conceptos básicos para análise comparativa

DENOMINACIÓN	DEFINICIÓN
Porcentaxes verticais	Expresión das distintas partidas dos estados financeiros en termos relativos (porcentaxe) respecto dunha variable clave. No balance, o total de activo; na conta de perdas e ganancias, o importe neto da cifra de negocios e no estado de fluxos de efectivo os fluxos de operacións de explotación
Porcentaxes horizontais: Variación interanuais	$(\text{Valor da partida no ano X} - \text{Valor da partida no ano X-1}) / \text{Valor da partida no ano X-1}$ Incrementos ou diminucións dunha partida respecto ao ano anterior.
Porcentaxes horizontais: Variación respecto a un ano base (números índice)	$(\text{Valor da partida no ano Z} / \text{Valor da partida no ano base}) / *100$ Variacións respecto a un ano base que se toma como referencia. O importe de cada partida transfórmase nun índice que toma o valor 100 no ano base. No ano z calcularíase como se indica na fórmula

## Indicadores e razóns utilizadas na análise a longo prazo

DENOMINACIÓN	DEFINICIÓN
Razón ou ratio de garantía	$\text{Activo total} / \text{Recursos alleos (pasivo non corrente+pasivo corrente)}$
Razón ou ratio de autonomía financeira	$\text{Patrimonio neto} / \text{Recursos alleos (pasivo non corrente+pasivo corrente)}$
Razón ou ratio de endebedamento	$\text{Recursos alleos (pasivo non corrente+pasivo corrente)} / \text{Patrimonio neto}$
Endebedamento a longo prazo	$\text{Recursos alleos a longo prazo (pasivo non corrente)} / \text{Patrimonio neto}$
Endebedamento a curto prazo	$\text{Recursos alleos a curto prazo (pasivo corrente)} / \text{Patrimonio neto}$
Rendibilidade financeira	$\text{Resultado do exercicio} / \text{Patrimonio neto}$
Marxe de beneficios	$\text{Resultado antes de xuros e impostos} / \text{Ingresos de explotación}$
Rotación de activos totais	$\text{Ingresos de explotación} / \text{Activo total}$
Rotación de activos fixos	$\text{Ingresos de explotación} / \text{Activo fixo}$
Rotación de activo corrente	$\text{Ingresos de explotación} / \text{Activo corrente}$
Razón ou ratio de cobertura de xuros (polo resultado)	$\text{Resultado antes de xuros e impostos} / \text{Gastos financeiros}$
Razón ou ratio de cobertura de xuros (pola tesourería xerada polas operacións)	$(\text{Fluxo de tesourería das operacións} + \text{Pagos por xuros}) / \text{Pagos por xuros}$
Razón ou ratio de cobertura da débeda	$\text{Tesourería xerada polas operacións} / \text{Débedas medias}$ Grao de cobertura que se obtén do efectivo xerado polas operacións correntes sobre as débedas totais
Razón ou ratio de cobertura dos investimentos	$\text{Tesourería xerada polas operacións} / \text{Investimentos}$ Exceso ou defecto da liquidez xerada polas operacións sobre os investimentos realizados

## Indicadores e razóns utilizadas na análise do resultado e da rendibilidade

DENOMINACIÓN	DEFINICIÓN
Valor da produción	Importe total da produción da empresa, (vendida, almacenada ou destinada á mellora ou construción dun elemento de inmovilizado)
Valor engadido	Valor da produción menos consumos de materias primas, outros materiais consumibles ou mercadorías e menos os gastos externos e de explotación necesarios para levar a cabo a actividade produtiva da empresa
Rendibilidade económica	$\text{Resultado antes de xuros e impostos} / \text{Activo total neto}$
Marxe de beneficios antes de xuros e impostos	$\text{Resultado antes de xuros e impostos} / \text{Vendas}$
Custo de persoal por traballador	$\text{Gastos de persoal} / \text{N}^\circ \text{ de traballadores}$
Produtividade do activo	$\text{Valor engadido} / \text{Activo total}$
Rendibilidade financeira	$\text{Resultado do exercicio} / \text{Patrimonio neto}$
Rendibilidade nominal ou rendibilidade da acción	$\text{Dividendos} / \text{Capital social desembolsado}$
Beneficio por acción	$\text{Resultado do exercicio} / \text{Número medio de accións}$
Rendibilidade real do accionista	$\text{Beneficio por acción} / \text{Cotización ao peche}$
PER	$\text{Cotización ao peche} / \text{Beneficio por acción}$
Apancamento financeiro	$\text{Resultado antes de xuros e impostos} / \text{Resultado antes de impostos}$

DENOMINACIÓN	DEFINICIÓN
Fondo de rotación, capital circulante ou fondo de manexo	Patrimonio neto+ Pasivo non corrente – Activo non corrente ou Activo corrente – Pasivo Corrente
Fondo de rotación da explotación	Activos correntes ligados á explotación da empresa – Pasivos correntes ligados á explotación da empresa
Fondo de rotación alleo á explotación	Activos correntes alleos á explotación – Pasivos correntes alleos á explotación
Período medio de maduración	Duración do ciclo de explotación. Período de tempo que vai dende a adquisición dos activos que se incorporan ao proceso produtivo ata o cobro pola venda dos produtos resultantes dese proceso
Rotación de existencias de materias primas	Consumos de materias primas / Saldo medio de existencias de materias primas. Frecuencia coa que se renovan as existencias de materias primas.
Prazo ou período de almacenaxe das materias primas	365 / Rotación de existencias de materias primas Tempo medio (expresado en días) que as existencias de materias primas están no almacén
Rotación de existencias de mercadorías	Consumos de mercadorías / Saldo medio de existencias de mercadorías Frecuencia coa que se renovan as existencias de mercadorías
Prazo ou período de almacenaxe das mercadorías ou prazo de venda	365 / Rotación de existencias de mercadorías Tempo medio (expresado en días) que as existencias de mercadorías están no almacén, e polo tanto tempo medio que tardan en ser vendidas.
Rotación de produtos en curso de fabricación	Custo da produción / Saldo medio produto en curso Frecuencia coa se fabrican ou realizan os produtos ou servizos obxecto da explotación, e dicir o número de veces que se completa o ciclo de produción
Prazo ou período de produción	365 / Rotación de existencias de produtos en curso de fabricación Tempo medio que tardan en producirse os bens ou servizos obxecto da actividade da empresa
Rotación de produtos terminados	Custo das vendas / Saldo medio produto terminado Número de veces que nun período se renovan as existencias de produtos para a venda
Prazo ou período de almacenaxe dos produtos terminados ou prazo de venda	365 / Rotación de produtos terminados Tempo medio (expresado en días) que tardan en venderse os produtos terminados da empresa
Rotación de clientes	Ingresos por vendas / Saldo medio dereitos de cobro fronte a clientes Frecuencia coa que o crédito contra os clientes se converte en efectivo
Prazo ou período de cobro	365 / Rotación de clientes Tempo medio (expresado en días) que a empresa tarda en cobrarlles aos seus clientes
Rotación de provedores	Compras / Saldo medio débedas con provedores Número de veces que nun período a débeda cos provedores se fai efectiva
Prazo ou período de pago a provedores	365 / Rotación de provedores Tempo medio (expresado en días) que a empresa tarda en facer efectivas as súas débedas cos provedores
Razón ou ratio de solvencia	Activo corrente / Pasivo corrente
Razón ou ratio de liquidez a curto prazo	(Activo corrente – Existencias) / Pasivo corrente
Razón ou ratio de tesourería	(Tesourería + Investimentos financeiros a curto prazo) / Pasivo corrente
Coefficiente básico de financiamento	(Patrimonio neto + Débedas a longo prazo) / (Activo non corrente + Fondo de rotación necesario*) *Fondo de rotación necesario = Fondo de rotación da explotación
Fluxos de tesourería de explotación ou Fluxos de tesourería das operacións	Fluxos de tesourería (cobros – pagos) procedentes das actividades que constitúen a principal fonte de ingresos da empresa
Fluxos de tesourería do investimento	Pagos que teñen a súa orixe na adquisición de activos non derivados da explotación (adquisición de inmovilizado ou investimentos financeiros) así como os cobros procedentes da súa venda ou amortización.
Fluxos de tesourería do financiamento	Cobros procedentes do financiamento obtido de terceiros menos os pagos realizados por amortización ou devolución das cantidades achegadas por eles
Fluxo de tesourería libre	Fluxos de tesourería de explotación – Investimentos necesarios de mantemento – Dividendos Representa a tesourería xerada polas operacións da empresa que queda libre unha vez cubertos os investimentos necesarios de mantemento e atendido o pago de dividendos aos accionistas